



Estimados pais,

Ante as inquietude ocasionada polos niveis de gas radon no IES, desde a dirección quixeramos efectuar unha serie de aclaracións.

Desde hai dous anos que se detectaron niveis deste gas nalgunhas zonas de centro tratamos de que a Consellería fixera un estudo completo para ver a situación real. Ante a falta de resposta encargamos no mes de decembro de 2010 ao mesmo laboratorio (LAR da USC) e medición en 24 estancias do centro. O resultado presentado no mes de xaneiro confirma a existencia de valores superiores aos permitidos en centros de traballo, sobre todo na planta baixa (o radon acumúlase a nivel de chan como o butano que temos na casa).

O feito de publicitar estes últimos días con maior intensidade a problemática obedece a idea que temos para presionar á Consellería para que o considere como un problema e non dean máis largas.

Solicitamos a solución a este problema que deba consistir na ventilación forzada nas zonas da planta baixa pero sen crear alarmas innecesarias. As medidas foron realizadas en fin de semana con todas as estancias de medida pechadas para ver onde se concentra o gas. No ritmo diario da xornada laboral as concentracións son necesariamente máis baixas e nas aulas frecuentadas polo alumnado os valores non son preocupantes.

Isto non supón que non exista un problema e que haxa que solucionalo, pero dentro dun orden e con calma. De non ser atendidas as nosas peticións intentariamos facer unha protesta colectiva e coordinada de toda a comunidade educativa, e da que seríades informados como sempre facemos desde este IES.

Recibide un afectuoso saúdo e quedamos á vosa disposición.

Na Serra de Outes a 8 de febreiro de 201

O DIRECTOR

Asdo.: Daniel Losada Andreu